

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE ABRIL DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de abril de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 6, 13, 20 e 27 de marzo e 3 de abril de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego técnico e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de reprografía do Arquivo Municipal de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024/C003/000017.

Tamén se acorda a segunda prórroga do contrato para a subministración de pan fresco do día e outros produtos de panadería (empanadas) para as instalacións municipais Fogar do Transeúnte (albergue municipal) dende o 14-05-2024 ata o 13-5-2025.

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de bonificación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para os traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022, ao realizarse parcialmente as devanditas obras na área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5751377194289584223.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-4-2024

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Torre de Núñez para a celebración do Arde Lucus 2024.

4. PERSOAL.- Acórdase a prórroga da comisión de servizos dunha auxiliar administrativa de Intervención.

Tamen se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de monitor/a de educación viaria pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (OPE 2023).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases e convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2024-2025.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación da apertura da convocatoria e das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica, que desenvolven a súa actividade no eido da área de dinamización económica e relacións institucionais, e para o exercicio económico 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

6. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación de autorización omitida no acordo anual de autorizacións de venda para o Mercado de Frigsa do ano 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.